



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA**

CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA

**RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBAN AS INSTRUCIÓNS REGULADORAS DA  
MATRÍCULA ANUAL NO CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA DA  
DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA O CURSO ESCOLAR 2026/2027**

**Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

O Regulamento de Réxime Interno do Conservatorio Profesional de Danza da Deputación da Coruña, aprobado polo claustro o 9 de xuño de 2015 e polo consello escolar do centro o 11 de xuño de 2015, indica no seu artigo 11 "PROBAS DE ACCESO E MATRICULACIÓN" que: *"O conservatorio publicará os prazos de solicitudes e matrículas, sendo expostos tamén no taboleiro de anuncios do centro [...]".*

Co obxecto de regular o procedemento da matrícula anual para o curso escolar 2026/2027 no Conservatorio Profesional de Danza da Deputación da Coruña e ao amparo do disposto no citado artigo 11 do Regulamento de Réxime Interno do Conservatorio Profesional de Danza, considérase necesario a elaboración dunhas instrucións reguladoras da dita matrícula.

Para estes efectos,

**RESOLVO**

**Primeiro.-** Aprobar as seguintes instrucións reguladoras da matrícula anual no Conservatorio Profesional de Danza da Deputación da Coruña para o curso escolar 2026/2027:

Primeira.- CALENDARIO DA MATRÍCULA ANUAL:

O prazo da matrícula anual para o curso escolar 2026/2027 comprenderá do 11 ao 30 de xuño de 2026, ambas as dúas datas inclusive.

Segunda.- SOLICITUDE DE MATRÍCULA:

- A solicitude de matrícula presentárase segundo o modelo que se facilitará no Conservatorio Profesional de Danza e estará dispoñible no procedemento "Solicitude de matrícula no Conservatorio de Danza", accesible na Sede Electrónica da Deputación da Coruña no apartado "Outros procedementos e trámites".

- Para o pago da taxa por servizos no Conservatorio de Danza, cando non se achegase anteriormente e no caso de modificación do número de conta bancaria ou cambio da persoa responsable respecto ao curso anterior, deberase presentar o modelo de domiciliación de recibo, que se facilitará no Conservatorio Profesional de Danza e estará dispoñible no procedemento "Solicitude de matrícula no Conservatorio de Danza" da Sede Electrónica da Deputación da Coruña.

Este modelo ten que vir acompañado por un documento bancario acreditativo tanto da titularidade da conta como da súa correcta identificación.

Os modelos de solicitude de matrícula e de domiciliación de recibo poderán presentarse, no prazo establecido no punto anterior:

- A través da Sede Electrónica da Deputación da Coruña, mediante o trámite "Solicitude de matrícula no Conservatorio de Danza".
- Na oficina do Rexistro Xeral do Pazo Provincial: Avenida Porto da Coruña, 2, 15003.
- En calquera oficina á que fai referencia o artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE de 2 de outubro de 2015).

#### Terceira.- COTAS MENSUAIS

- O Servizo de Xestión Tributaria (Sección I) liquidará as taxas mensualmente durante o curso escolar, que abrangue desde o mes de setembro ata o mes de xuño, ambos os dous inclusive.
- O pago da cota mensual realizarase mediante domiciliación bancaria.
- A cota mensual non é fraccionable. As baixas definitivas na prestación de servizos polo Conservatorio de Danza (cota mensual de ensinanza) comunicaranse por escrito á Deputación Provincial da Coruña. As baixas producirán efectos económicos a partir do mes seguinte ao que se presente a solicitude de baixa nesta administración.
- Establécese un réxime de exención do 100 por cento a familias numerosas clasificadas na categoría especial e unha bonificación do 50 por cento na categoría xeral. Estes beneficios fiscais deberán ser solicitados expresamente polo suxeito pasivo no momento de presentación da matrícula do Conservatorio de Danza.

Cuarta.- Estas instrucións serán de aplicación para o curso escolar 2026/2027.

**Segundo.-** Dispoñer a publicación das presentes instrucións no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Conservatorio Profesional de Danza da Deputación da Coruña.

De conformidade co establecido no artigo 40.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), infórmase de que a resolución anterior esgota a vía administrativa, de acordo co disposto no artigo 114.1) da LPACAP, polo que, en virtude do artigo 123 da referida norma, contra a presente resolución poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, tal e como tamén preceptúa o artigo 52.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso potestativo de reposición ou se produza a desestimación presunta deste.

Así mesmo, a persoa interesada poderá interpoñer directamente contra a presente resolución recurso contencioso-administrativo, previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, perante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia que corresponda, de conformidade co disposto na devandita Lei e na disposición adicional primeira da Lei orgánica 1/2025, do 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.